

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOAÑA

Ordenanzas e Regulamentos

PUBLICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR DE MOAÑA

O Pleno do Concello de Moaña en sesión realizada o 26 de novembro de 2015 aprobou inicialmente o Regulamento do Consello Escolar, trala publicación do anuncio no BOP nº 5 de 11 de xaneiro de 2016, o expediente someteuse a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, durante dito prazo no se presentaron alegacións, polo que segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, enténdese definitivamente adoptado acordó ata entón provisorio, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do artigo 196.2 do ROF (Real Decreto 2568/986), de 28 de novembro, publícase o texto íntegro do Regulamento do Consello Escolar.

ANEXO

REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE MOAÑA

Artigo 1: Finalidade

O CEMM constitúese como órgano de asesoramento, consulta, proposta, información e participación sobre o ensino non universitario no ámbito territorial do concello, coas funcións e competencias que de seguido se desenvolven.

Artigo 2: Funcións

O carácter de organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das funcións que lle son propias ao CEMM de acordo co artigo 18 da Lei 3/1986: asesoramento, consulta, proposta e información nas seguintes cuestións.

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellaría de Educación ou calquera outra administración pública, que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.



- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
- d) Localización de centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación lles outorgue aos concellos en cada momento, e especial atención ás actuacións que garantan seguridade e accesibilidade das persoas usuarias aos centros.
- f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, á renovación pedagóxica, aos principios da escola activa, á atención á diversidade e á integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, para chegar a unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.
- g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación outorgue aos municipios.
- h) Programación de investimentos en materia educativa.
- i) Calquera outro asunto que, pola súa importancia para a vida escolar do Concello, lle sexa consultado.

Artigo 3: Competencias

O Concello e a Administración educativa deberán consultarlle ao CEMM sobre as cuestións contidas no artigo 2 deste regulamento.

O CEMM será informado de cantas actuacións leven a cabo os distintos órganos da Corporación de Moaña con asuntos referidos á materia educativa.

Así mesmo, poderá solicitar a través da Presidencia información da Administración pública sobre calquera materia relativa ao ámbito educativo de ámbito municipal.

Artigo 4: Composición

Ao abeiro do disposto no artigo 30 do Decreto 44/88 de consellos escolares de Galicia, o Pleno do CEMM estará composto polos seguintes membros:

- a) A alcaldesa ou alcalde ou membro da corporación municipal en quen delegue, que será a presidenta ou presidente.
- b) Sete profesores/as dos distintos niveis educativos existentes no concello, propostos/as polos sindicatos do ensino en proporción á representación obtida no concello de Moaña nas eleccións sindicais no sector docente.



- c) Catro nais ou pais do alumnado propostos pola Federación de ANPAS.
- d) Tres representantes do alumnado elixidos pola representación do alumnado nos Consellos Escolares dos IES de Moaña.
- e) Sete persoas nomeadas pola corporación municipal distribuídas da seguinte maneira:
 - Cinco persoas en representación das organizacións políticas con presenza na corporación.
 - Unha persoa proposta pola Federación de Asociacións de Veciños/as de Moaña.
 - Unha persoa de recoñecido prestixio no campo da educación, proposta polo Pleno da corporación municipal.
- f) Unha persoa representante da Administración educativa, nomeada polo xefe territorial da Consellería de Educación de Pontevedra.

Artigo 5: Renovación dos membros do Pleno

Os membros descritos nos apartados a), c) e e) do artigo anterior manteranse durante catro anos, coincidindo co mandato municipal. Renovaranse cando se constitúa unha nova corporación municipal. Poderán renovarse con antelación se así o comunica o organismo que os propón.

Os membros descritos no apartado b) do artigo anterior renovaranse cando teñan lugar as eleccións sindicais no sector do ensino non universitario, de acordo cos seus resultados.

Os membros descritos no apartado d) do artigo anterior renovaranse cada dous anos.

O membro descrito no apartado f) do artigo anterior renovarse cando así o comunique a Xefatura Territorial da Consellería de Educación de Pontevedra.

Artigo 6: Organización

O CEMM estrutúrase en Pleno e comisións de traballo.

No caso de que o Pleno do CEMM así o considerase poderase proceder á constitución dunha comisión permanente coa composición e atribucións que propoña o Pleno do CEMM.

Artigo 7: Pleno do CEMM

O Pleno do CEMM estará constituído por todos os seus membros.

Para a súa constitución será necesario que asistan, cando menos, os dous terzos dos membros que compoñan o Pleno.



Artigo 8: Xuntanzas do Pleno do CEMM

O Pleno do CEMM deberá xuntarse, como mínimo, unha vez por trimestre, en sesión ordinaria, e preceptivamente ao comezo e final de cada curso escolar.

Poderá xuntarse en sesión extraordinaria se o considera oportuno a Presidencia, ou ben se o solicitan por escrito como mínimo unha terceira parte dos membros do Pleno do CEMM.

No Pleno de comezo de curso fixaranse as datas das xuntanzas ordinarias do Pleno de todo o curso escolar.

Artigo 9: Convocatoria

A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do CEMM deberá realizarse cunha antelación mínima de sete días naturais, salvo que concorran razóns de urxencia, nas que poderá convocarse con 24 horas de antelación. Nos dous casos terase que achegar a orde do día, na que se fixarán os puntos para tratar, xunto coa documentación correspondente a cada punto.

Neste último caso, a apreciación da urxencia terá que ser ratificada pola maioría absoluta dos seus membros na propia sesión e con antelación á consideración dos puntos que integran a orde do día.

A presidencia do CEMM convidará a asistir, con voz e sen voto, ás sesións do Pleno do CEMM unha representación de cada equipo directivo dos centros educativos de Moaña. Enviaráselles tamén con antelación a orde do día.

Artigo 10: Orde do día

A orde do día será establecida pola Presidencia e deberá incluír os asuntos que fosen solicitados con anterioridade polos membros do Pleno do CEMM.

Establecida a orde do día non poderá modificarse salvo que, estando presentes todos os membros do Pleno, se adopte unha decisión na propia sesión de tratar un novo asunto por maioría absoluta dos membros que a formen.

Incorporarase como último punto da orde do día un apartado de quenda de intervencións libres (varios), independentemente do carácter da sesión.

Artigo 11: Acordos e votacións

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes, podendo formularse votos particulares.



Calquera membro do Pleno do CEMM ten dereito a examinar e recibir, se así o solicitase, copia das actas e da documentación das comisións de traballo, do Pleno e da comisión permanente (de existir).

Artigo 12: Competencias

Serán competencias do Pleno do CEMM:

- a) Debater e aprobar os informes e ditames referidos aos puntos explicados no artigo 2 deste regulamento.
- b) Aprobar a creación e composición das comisións de traballo.
- c) Aprobar a memoria anual de actuación do CEMM.
- d) Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

Artigo 13: Comisións de traballo

Dentro do CEMM poderanse establecer comisións de traballo, que se poderán xuntar cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

Artigo 14: Incorporación doutras persoas

O CEMM para tratar temas específicos e puntuais, ou para formar parte dalgunha comisión de traballo, poderá solicitar a asistencia de persoas de recoñecida valía ou coñecementos nunha materia, ou de entidades afectadas nun problema, con voz pero sen voto.

Artigo 17: A Presidencia

A presidenta ou presidente do CEMM terá as seguintes funcións:

- a) Desempeñar a representación oficial do CEMM.
- b) Fixar a orde do día, convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno do CEMM.
- c) Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do CEMM e trasladar os acordos.
- d) Decidir os empates co voto de calidade.

Artigo 18: A Secretaría

A persoa que exerza a Secretaría do CEMM será escollida polo Pleno por proposta da presidenta ou presidente.



Serán funcións da secretaria ou secretario:

- a) Redactar as actas das sesións, que serán aprobadas na seguinte reunión, e dar fe dos acordos do Pleno, co visto e praxe da presidenta ou presidente.
- b) Custodiar os libros de actas do Pleno, así como a documentación relativa ao seu funcionamento, que estará depositada na Concellaría de Educación.
- c) Calquera outra tarefa, relativa ás funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o CEMM.

Artigo 20: Memorias anuais

O CEMM, ao remate de cada curso escolar, elaborará unha memoria da súa actuación.

Igualmente e como dispón o artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986 de Consellos Escolares de Galicia, e o artigo 27.2. do Decreto 44/1988, o CEMM elaborará ao remate de cada curso académico un informe sobre o estado do ensino no municipio que enviará, para o seu coñecemento, á Corporación municipal, ao Consello Escolar Territorial, e ao Consello Escolar de Galicia.

Artigo 21: Sede do CEMM

A sede e lugar de reunións do CEMM e das súas comisións serán os locais municipais.

O Concello poñerá a disposición do CEMM os materiais e medios para o seu mellor funcionamento.

Artigo 22: Derrogación

A partir da entrada en vigor do presente regulamento, queda derrogado o anterior Regulamento do Consello Escolar Municipal de Moaña e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan.

Moaña, a 22 de febreiro de 2016.—A Alcaldesa, Leticia Santos Paz.

